



LA VOZ DE LA ESCUELA

LA VOZ DE GALICIA

MIÉRCOLES, 13 de MAYO del 2026
N.º 1.434



Como ver o eclipse?

Repasamos as formas de protexer os ollos e admirar con seguridade o fenómeno astronómico

páxina 4-5

O eco do Urquiola

O petroleiro ardeu e causou unha gran marea negra nas costas da Coruña no ano 1976

páxina 3

Figuras claves da cultura galega

Estes son os 63 galegos e galegas ilustres que a Real Academia celebrou na historia desta festa

1963

Rosalía de Castro

■ A celebración deste día vén da efeméride da publicación da súa obra «Follas novas», así que Rosalía é a orixe da festa das letras galegas.

1964

Alfonso Daniel Rodríguez Castelao

■ Foi médico, pero sobre todo, intelectual nacionalista. O pai do galeguismo, ademais de dramaturgo, poeta, narrador, ensaísta, debuxante e político.



1965

Eduardo Pondal

■ Escribiu un poema «Os pinos», que hoxe coñecemos todos: é a letra do himno galego.

1966

Francisco Añón

■ Poeta e sobre todo precursor do Rexurdimento, a recuperación cultural galega no século XIX.

1967

Manuel Curros Enríquez

■ Un poeta cun claro compromiso social que foi a imaxe do Rexurdimento.

1968

1979

Manuel Antonio

■ Foi o guía teórico da xeración Nós, pero será lembrado pola súa poesía de vangarda, que moitos non comprendían. Morreu de tuberculose aos 30 anos.

1980

Afonso X o Sabio

■ Rei de Castela no século XIII, utilizaba o galego como lingua culta e poética.

1981

Vicente Risco

■ Defensor do celtismo fronte á civilización mediterránea, Risco foi un galeguista de dereitas.

1982

Luis Amado Carballo

■ Foi xornalista e mestre. Na estela de Manuel Antonio, foi escritor da vangarda e tamén morreu novo, aos 26 anos, de tuberculose.



1983

Manuel Leiras Pulpeiro

■ Médico, fixo poesía social no século XIX e foi un estudioso da lírica popular.

1984

1994

Luis Seoane

■ Un dos artistas máis completos: pintor, deseñador, editor, gravador, escritor e promotor cultural.



1995

Rafael Dieste

■ Escritor considerado un dos grandes renovadores da literatura galega do século XX.

1996

Xesús Ignacio Ferro Couselo

■ Importante historiador que difundiu a cultura galega a través das súas investigacións. Especialmente, na recuperación do pasado de Ourense.

1997

Ánxel Fole

■ Escritor de relatos e novelas curtas, onde mestura a cultura popular coa escuridade de Edgar Allan Poe.

1998

Xoán de Cangas, Martín Códax e Mendinho

■ Tres xogares do século XIII, orixinarios da ría de Vigo, que cultivaron as cantigas de amigo.

1999

Roberto Blanco Torres

2010

Uxío Novoneyra

■ Poeta cuxos versos son considerados dos mellores no relativo á paisaxe dentro da literatura galega.

2011

Lois Pereiro

■ Poeta, influenciado polo movemento «punk» e o vangardismo. Faleceu prematuramente con 38 anos.

2012

Valentín Paz Andrade

■ Avogado, economista e escritor que participou no desenvolvemento político, empresarial e cultural da Galicia do século XX.

2013

Roberto Vidal Bolaño

■ Artífice da modernización e da profesionalización do teatro galego.



2014

Xosé María Díaz Castro

■ Escritor tardío, foi un relevante poeta na literatura galega de posguerra.

2015

Xosé Filgueira Valverde

■ Historiador e escritor homenaxeado pola súa extensa obra de carácter divulgativo.

1964 **Florentino López Cuevillas**

■ Antropolóxico e historiador, foi integrante da xeración Nós, do Seminario de Estudos Galegos e das Irmandades da Fala.

1969

Antonio Noriega Varela

■ Xornalista, sobre todo, foi un poeta das Irmandades da Fala e da exaltación da natureza e da paisaxe.

1970

Marcial Valladares Núñez

■ Avogado, escritor, político e lexicógrafo (compuxo un dos primeiros dicionarios galego-castelán).



1971

Gonzalo López Abente

■ Poeta do mar, nado en Muxía, e coñecido polos seus sonetos. Pasou de costumista a modernista con estética clásica.

1972

Valentín Lamas Carvajal

■ Poeta e xornalista, foi, xunto con Murguía, un dos fundadores da Real Academia Galega.

1973

Manuel Lago González

■ Bispo de Santiago, foi un poeta sobre todo de temática paisaxística e relixiosa.

1974

Xoán Vicente Viqueira

■ Filósofo, profesor e escritor, presidiu as Irmandades da Fala. Estivo moi interesado na educación.

1975

Xoán Manuel Pintos Villar

■ Foi xuíz no século XIX e un estudoso das variantes lingüísticas galegas.

1976

Ramón Cabanillas

■ É o poeta da raza, unha referencia na loita polo recoñecemento cultural de Galicia no século XX.



1977

Antón Villar Ponte

■ Xornalista de La Voz de Galicia, dirixiu a revista «A Nosa Terra» e promoveu as Irmandades da Fala.

1978

Antonio López Ferreiro

■ Cóengo da catedral de Santiago, os seus estudos serviron para identificar os restos do Apóstolo en 1879.

1984

Armando Cotarelo Valledor

■ Dramaturgo, foi presidente do Seminario de Estudos Galegos e profesor universitario.

1985

Antón Losada Diéguez

■ Ensaísta, foi un baluarte da xeración Nós. Politicamente participou no movemento agrarista de principios do século XX.

1986

Aquilino Iglesia Alvariño

■ Profesor de linguas clásicas (foi tradutor), a súa poesía é un canto á natureza.

1987

Francisca Herrera Garrido

■ Poetisa cunha obra relixiosa na que fala das bondades da maternidade, foi a primeira muller en ser membro de número da Real Academia Galega.

1988

Ramón Otero Pedrayo

■ Fixo de todo na cultura galega: foi político, novelista, xeógrafo, investigador... Foi un puntal da xeración Nós.



1989

Celso Emilio Ferreiro

■ Este poeta fundamental para a historia da literatura galega viviu en Celanova, Vigo, Caracas e Madrid.

1990

Luís Pimentel

■ A poesía de Pimentel é íntima e de vangarda, e só publicou un libro en vida. Médico de formación, coincidiu en Madrid con García Lorca.

1991

Álvaro Cunqueiro

■ Dramaturgo, novelista e xornalista, recolleu a maxia que habita na alma colectiva dos galegos.

1992

Fermín Bouza Brey

■ Interesado na lírica dos trobadores, este xuíz pagou cara a súa pertenza ao movemento galeguista. Non foi ao exilio, pero sufriu persecución. Foi un dos máximos expertos en Rosalía de Castro.

1993

Eduardo Blanco Amor

■ Escritor e xornalista, levou a novela galega á modernidade co seu tremendismo, a redución temporal e a plasticidade cinematográfica.



1994 **Roberto Blanco Torres**

■ Xornalista e poeta comprometido que incluíu na súa creación literaria as correntes máis vangardistas.

2000

Manuel Murguía

■ Home de Rosalía, foi historiador, investigador e escritor, e membro fundador da Real Academia Galega. Elaborou o ideario político do Rexurdimento.



2001

Eladio Rodríguez

■ Exerceu de xornalista, poeta e lexicógrafo galego. Foi, ademais, membro fundador da RAG.

2002

Frei Martín Sarmiento

■ Relixioso que destacou pola defensa do galego cunha perspectiva ilustrada. É o autor da primeira noticia documentada da literatura galega medieval.

2003

Antón Avilés de Taramancos

■ Formou parte da xeración das Festas Minervais, un encontro que recuperaba un certame do século XVI.

2004

Xaquín Lorenzo, Xocas

■ Dedicou a vida á arqueoloxía, a etnografía e a historia. Impulsou o Museo do Pobo Galego.

2005

Lorenzo Varela

■ Intelectual e poeta, exiliouse en Bos Aires na Guerra Civil. Desenvolveu a súa obra no exilio.

2006

Manuel Lugo Freire

■ Escritor e xornalista moi comprometido coa dignificación de Galicia, foi membro fundador da Real Academia Galega e presidente dela.

2007

María Mariño

■ Poeta intimista que só publicou un libro. Recoñecida polo seu estilo introspectivo, foi autodidacta.

2008

Xosé María Álvarez Blázquez

■ Contribuíu á difusión do ideario galeguista durante o franquismo. Poeta e unha das voces máis destacadas do neotrobadorismo e da poesía infantil.

2009

Ramón Piñeiro López

■ Fundador e un dos primeiros directores da editorial Galaxia e da revista «Grial».

2016

Manuel María

■ Autor dunha extensa obra poética, narrativa e dramática. Fundador da revista «Xistral».

2017

Carlos Casares Mouriño

■ Escritor e defensor da normalización da lingua galega. Dirixiu a editorial Galaxia ata a morte.

2018

María Victoria Moreno Márquez

■ Voz pioneira na narración en galego destinada ao público máis novo.

2019

Antón Fraguas

■ Foi un dos fundadores da Sociedade da Lingua, en defensa do galego e para elaborar un dicionario.

2020

Ricardo Carballo Calero

■ Primeiro profesor e catedrático universitario de Lingüística e Literatura Galega.

2021

Xela Arias

■ Poeta e tradutora que destacou por un discurso de clara tendencia urbana.

2022

Florencio Delgado Gurriarán

■ Escritor e activista destacado do exilio galego en México. A súa figura foi pouco coñecida en Galicia, pero máis nos países americanos.

2023

Francisco Fernández del Riego

■ Pertenceu á xeración de intelectuais xurdidos ao redor da xeración Nós. Un dos principais impulsores da editorial Galaxia e do propio Día das Letras Galegas.

2024

Luísa Villalta

■ Poeta, ensaísta e autora de narrativa, cun discurso moi social. Morreu aos 46 anos.



2025

Cantareiras

■ A poesía oral popular, personificada en sete figuras: Adolfinia e Rosa Casás, Eva Castiñeira, Manuela Lema, Teresa García e Prudencia e Asunción Garrido.

2026

Begoña Caamaño

■ Escritora e xornalista, narrou de forma rompedora as historias clásicas desde a visión feminina. Fixo un xornalismo crítico para mellorar a sociedade.